



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Expte. N° 05/19-P

### CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

**Sesión de:** Pleno

**Convocatoria:** Ordinaria

**Data da sesión:** 28 de febreiro de 2019

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Casa do Concello

### ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores (3 e 4/2019-P).-
- 2º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1P/2019.-
- 3º.- Emenda de aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2019".-
- 4º.- Contratación por procedemento aberto dos servizos de xardinería.-
- Control de Órganos de Goberno:**
- 5º.- Informes e comunicacións.-
- 6º.- Mocións.-
- 7º.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario, Emilio Seijo Frías.-



**NÚMERO 3/19**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Incorporouse con atraso, no momento que se indicará, o concelleiro D. Marcos López Mallo. Non asiste, sen escusar a súa ausencia, o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-**

Apróbase por maioría, con catorce votos a favor e unha abstención, a acta da sesión anterior nº 2/2019, de 17 de xaneiro de 2019.-

**2º.- Modificación da Ordenanza fiscal nº. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.-**

O sr. Alcalde dá conta do expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, coa finalidade de establecer na mesma como suposto de non suxeición a actuación administrativa automatizada, ademais doutras correccións de estilo e modificacións menores, polos motivos que se expón no ditame favorable emitido pola Comisión informativa Xeral.-

Maniféstanse a favor do ditame os voceiros dos grupos BNG, PDSP e PSOE.-

— Incorporárase á sesión, sendo as vinte horas e dez minutos, o sr. López Mallo.-

Polo grupo PP intervéñen a sra. Pose Varela, que anuncia a abstención do seu grupo, dado que na actualidade non se poden obter documentos mediante actuación administrativa automatizada. O sr. Alcalde di que a modificación desta ordenanza é o paso previo para chegar a esa posibilidade.-

Sometido a votación o ditame da Comisión, apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete abstencións do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a modificación da Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, dando nova redacción ao artigo 2, número 3, artigo 7, epígrafe segundo, números 6 e 8, artigo 10, número 2 e á súa Disposición final, que quedan redactados nos seguintes termos:

"Artigo 2.- Feito imponible.

3. Non estará suxeitos a esta Taxa os documentos resultantes de actuación administrativa automatizada, a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais e as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra Taxa Municipal ou polos que o Concello esixa un prezo público".-

"Artigo 7.- Tarifa.

Epígrafe segundo. Certificacións e compulsas de documentos.-

Conceptos Euros

... ..

6. Validación de poderes para producir efectos en actuacións municipais, 6 euros.-

... ..

8. Copias auténticas e documentos que se expidan en fotocopias. Por folio, 0,10 euros".-

"Artigo 10.- Declaración e ingreso.

2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non se lles dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requirirá ó interesado co fin de que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude".-

"Disposición Final.- Esta Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día ... (data de aprobación), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir desa data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa".-



2º.- Este acordo será exposto ao público no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles a contar desde a data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

**3º.- Contratación por procedemento aberto dos servizos de Conservación e mantemento de Xardíns e zonas verdes.-**

O sr. Alcalde dá conta do expediente tramitado para a contratación por procedemento aberto dos servizos de “Conservación e mantemento de Xardíns e zonas verdes”, que se fundamenta na carencia de medios propios do Concello para a prestación destes servizos e a inconveniencia de adquirilos por resultar antieconómico.-

Debatido o asunto con intervención de Dª. Isabel Reimundez Suárez, D. Emilio Gómez López, Dª. Raquel Bolaño Fariñas, Dª. María José García Freire e do sr. Alcalde, sométese a votación a petición da sra. García Freire de deixar sobre a mesa o asunto porque o seu grupo recibiu onte os informes mais importantes do expediente, petición que é aprobada por maioría, con nove votos a favor, dos grupos PP e PSOE, e sete votos en contra, dos grupos Sadamaioría, PDSP e BNG.-

**Control de Órganos de Goberno:**

**4º.- Informes e comunicacións.-**

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 7-1-2019 a 25-1-2019.-

**5º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

**5.1º.- Moción do grupo PSOE sobre o Orzamento municipal 2019.-**

A sra. Bolaño xustifica a urxencia da moción do grupo PSOE sobre o Orzamento municipal para 2019 no feito de que xa pasou o mes de xaneiro de dito exercicio.-

Efectuada votación, resulta aprobada por maioría a declaración de urxencia da moción, con once votos a favor dos grupos PSOE, PP e BNG e cinco votos en contra dos grupos Sadamaioría e PDSP, pasando a sra. Bolaño a expoñer o contido da mesma.-

Debátase o asunto con intervención de Dª. Isabel Reimundez Suárez, D. José Emilio Gómez López, Dª. Raquel Bolaño Fariñas, D. Francisco José Montouto Pérez, D. Ernesto Anido Varela e do sr. Alcalde.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a moción por tres votos a favor, dos grupos, PSOE e PDSP, sete votos en contra, do grupo PP, e seis abstencións dos grupos Sadamaioría e BNG.-

**5.2º.- Moción do grupo PSOE sobre o destino do edificio da EEI de Carnoedo.-**

A sra. Bolaño defende a urxencia da moción do grupo PSOE sobre o destino da Escola Unitaria de Carnoedo, que segundo afirma foi construída con achegas dos veciños. Declarada por maioría a urxencia da moción, con doce votos a favor e catro abstencións do grupo Sadamaioría, a continuación a sra. Bolaño dá lectura á mesma.-

A sra. Reimundez presenta unha emenda do goberno municipal á moción pola que propón instar ao Alcalde para que solicite á Consellería de Educación a apertura do prazo de matrícula nese centro para o curso 2019-2020 e, se non se acadara o número de cinco matriculados, que unha vez pechado o centro definitivamente se desafecte o edificio para que poida ser utilizado para os fins que o Concello considere.-

A sra. Bolaño di que o seu grupo admitiría a emenda se o destino do edificio é unha finalidade educativa, regrada ou non.-

A sra. Salorio pregúntase por que ten que dedicarse a un fin exclusivamente educativo ese edificio, cando o seu peche debeuse á falta de demanda educativa, mentres que podería dedicarse a centro de día, xa que hai máis maiores que nenos, ou tamén a centro de actividades veciñais, ensaio de grupos musicais, etc.; por este motivo o seu grupo propón emendar a moción suprimindo os seus puntos 1 e 3, deixando só o segundo punto redactado nos seguintes termos: “Que a reconversión dos espazos da Escola Unitaria de Carnoedo sexa debatida e negociada entre todos os Grupos que conformamos a Corporación nunha comisión habilitada para iso, contando coa opinión dos veciños de Carnoedo a través da súa asociación”.-

O sr. Alcalde considera que todos os grupos deben loitar conxuntamente para que esa escola volva a abrir, e defende a aprobación da emenda exposta pola sra. Reimundez.-

A sra. Bolaño reitera a conveniencia de dedicar o edificio da escola, en todo caso, a un fin educativo.-

Suficientemente debatido o asunto, o sr. Alcalde somete a votación a emenda da sra. Reimundez, que é desestimada por seis votos a favor dos grupos Sadamaioría e BNG, sete votos en contra do grupo PP e tres abstencións dos grupos PSOE e PDSP.-

Sometida a votación a emenda da sra. Salorio, resulta a mesma aprobada por sete votos a favor do grupo PP, dous votos en contra do grupo BNG e sete abstencións dos restantes grupos, quedando en consecuencia adoptado o seguinte acordo:



Que a reconversión dos espazos da Escola Unitaria de Carnoedo sexa debatida e negociada entre todos os Grupos que conformamos a Corporación nunha comisión habilitada para iso, contando coa opinión dos veciños de Carnoedo a través da súa asociación.-

### **5.3º.- Moción do grupo PSOE sobre contratación de obras e servizos por licitación.-**

A sra. Pardo xustifica a urxencia da moción do grupo PSOE sobre contratación de obras e servizos por licitación dicindo que a fins de 2018 quedaron preparadas pola concellería delegada de Cultura e Praias varias propostas de expedientes de contratación de servizos necesarios que é urxente sacar a licitación.-

O sr. Alcalde, antes de proceder a votar a declaración de urxencia da moción, lembra as disposicións do Regulamento Orgánico sobre as mocións, di que non se pode adoptar os acordos desta moción, por ser precisa a instrución de expedientes polos órganos competentes, e invita á sra. Pardo a modificar as propostas da moción para que se refiran a instar a sacar a licitación, ao que accede dita concelleira.-

Declarada por maioría a urxencia da moción, con doce votos a favor e catro abstencións do grupo Sadamaioría, a sra. Pardo procede á súa exposición, -

Ábrese debate no que interveñen os sres. García Cotelo, Gómez López, Pardo Fafián e o sr. Alcalde.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a moción por dous votos a favor do grupo PSOE, tres abstencións dos grupos PDSP e BNG e once votos en contra dosm grupos PP e Sadamaioría.-

### **5.4º.- Moción do grupo PP para atención dos dereitos fundamentais do cargo público no Concello.-**

O sr. Anido xustifica a urxencia da moción do grupo PP sobre atención dos dereitos fundamentais do cargo público no Concello dicindo que existe un déficit democrático neste concello que é preciso corrixir á maior brevidade, contestando aos escritos e ás solicitudes de documentación que o seu grupo presenta.-

Sometida a votación a urxencia da moción é a mesma declarada por doce votos a favor e catro en contra, do grupo Sadamaioría.-

Acto seguido, tras expoñer o sr. Anido o contido da moción, ábrese debate no que participan os sres. Reimundez Suárez, Gómez López, Bolaño Fariñas, Montouto Pérez, Anido Varela e o sr. Alcalde.-

Sometido o asunto a votación, prodúcese empate por emitirse sete votos do grupo PP a favor da moción, dúas abstencións do grupo PSOE e sete votos en contra dos restantes grupos, empate que se repite en segunda votación e que é dirimido polo voto en contra do sr. Alcalde-Presidente, quedando en consecuencia rexeitada a moción.-

### **6º.- Rogos e preguntas.-**

A sra. Pardo fai dúas preguntas:

1) Pregunta se o nomeamento do instrutor para o expediente da situación acontecida na Biblioteca o pasado 21 de agosto ten que ser realizado mediante decreto ou resolución da Alcaldía. O Presidente responde que supón que si, pero que o consultará.-

2) Pregunta con relación á adxudicación da dirección da escola e da compañía municipais de teatro se a adxudicataria continúa sen presentar a documentación necesaria, sendo informada polo Presidente de que xa está preparada toda a documentación para resolución da Xunta de Goberno Local.-

A sra. Bolaño efectúa as seguintes preguntas:

1) Sobre a viaxe a Andorra programada pola Concellería de Deportes pregunta cal é a achega económica por parte do Concello, se a empresa Nautalia está contratada polo Concello para este servizo se hai un prezo público aprobado e cal é o cálculo estimado de ingresos e de gastos deste para que non se poidan establecer medidas sociais, coma a reserva dunha porcentaxe de prazas para familias sen recursos.-

2) Pregunta polas reparacións que teña previstas o Concello no CEIP O Mosteirón, dicindo que ten informado o arquitecto municipal sobre a necesidade de acometer dúas intervencións de mantemento e trece que requiren de investimento para contratación de obra para as que entende que se necesita orzamentos. O Presidente contesta que o Concello non pode acometer as obras que vaian máis alá do mantemento, que lle corresponden á Xunta de Galicia, e que se fará unha limpeza do tellado para reparar as goteiras e as filtracións.-

A sra. Pardo fai catro rogos:

1) Roga que mañá a primeira hora se lle dea acceso aos expedientes de nomeamento de instrutor e de adxudicación da dirección da escola de teatro aos que solicitou acceder o pasado día 11 de xaneiro, por ter xa transcorridos cinco días dende a presentación da dita solicitude.-

2) Sobre o espazo que ten solicitado o pasado 10 de xaneiro o grupo municipal socialista para poder exercer o seu labor de oposición, igual que dispoñen o resto dos grupos, pide que se lle dea contestación.-

3) Que se dea a orde oportuna para a retirada non só da iluminación pública do Nadal senón tamén da instalación provisional da liña adicional para darlle servizo, unha vez cumprido o seu cometido, para evitar a contaminación visual que producen os cables inútiles.-

4) Que pola Alcaldía se trate de evitar a coincidencia da programación estable do teatro que efectúa a Xunta de Galicia a través de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) coas representacións ofrecidas aos



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

centros escolares, xa que considera que é unha duplicidade no gasto e que pode rematar na retirada das axudas de AGADIC por falta de público.-

A sra. Bolaño roga que se lle dea resposta ao que ten xa preguntado no Pleno do pasado 10 de xaneiro sobre o compromiso asumido hai máis dun ano para o traslado da aula CeMIT do andar baixo do edificio da Oficina da Xuventude, para ampliar o espazo para Xuventude, así como ao que preguntou respecto da distribución de áreas do actual goberno, xa que agora non hai concellerías delegadas de Educación nin de Cultura. O sr. Montouto contesta que non está previsto o traslado da aula CeMIT.-

O sr. Tellado roga, en relación cos danos que ás veces causan nos camiños as empresas usuarias, que se teña máis precaución ou seaprobe unha ordenanza de ser o caso para regular a execución dos traballos correspondentes. O Presidente contesta que hai unha ordenanza vixente, aprobada no 2009 ou no 2010.-

O sr. López pregunta se se vai facilitar copia do orzamento aos grupos municipais para a súa negociación, contestando o Presidente que se lle dará a toda a Corporación a previsión dos Estados de ingresos e de gastos.-

A sra. García roga, como xa fixera no Pleno ordinario do mes de novembro, que se revisen ben os expedientes e se axilicen os trámites para o pagamento das axudas ao transporte, ás entidades sen ánimo de lucro e ás entidades deportivas ou deportistas.-

O sr. Anido fai dous rogos e unha pregunta:

1) Roga que non se utilicen os medios públicos por parte de empresas privadas para o traslado do cascallo procedente de obras como as que se están a realizar na parte traseira do edificio do hotel.-

2) Pregunta con respecto dunha reparación efectuada por terse socavado un muro dunha veciña na zona do Tarabelo polo efecto dun movemento de terra que fixo unha promotora privada se se lle pasou a factura do custo da dita reparación á dita empresa.-

3) Logo de anunciar que mañá han presentar no rexistro unha solicitude de convocatoria dun Pleno extraordinario para a defensa dos intereses xerais de Sada, roga que se convoque en tempo e forma, pero sen o facer coincidir co próximo día 8, no que ten que acudir a testemuñar ao Xulgado. O Presidente contesta que se convocará no tempo e na forma, como todos os que solicitaron.-

E non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)



**NÚMERO 4/19**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día once de febreiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Non asiste, sen escusar a súa ausencia, D. Ramón Rodríguez Ares.-

Antes de comezar, o Presidente aclara que hai un expediente de segregación do ano 2005 que non apareceu e que por iso non se aportou, así como que se retira o terceiro punto da Orde do Día por así o ter solicitado o grupo municipal do Partido Popular, cuxos membros solicitaron a celebración desta sesión.-

Seguidamente, procédese ao debate dos seguintes asuntos da Orde do Día:

**“Control de Órganos de Goberno:**

1º.- Explicación por parte do Goberno Municipal do obxecto e da contía da demanda de reclamación de responsabilidade patrimonial dirixida contra este Concello seguida no Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña co número de Procedemento 240/2018, dos demandantes e do seu vínculo familiar con concelleiros desta Corporación e as medidas a tomar en aras á mellor defensa dos dereitos do Concello con quenda ós Grupos Municipais para o correspondente debate en aras a proporcionar a mellor defensa dos intereses do Concello.-

2º.- Asunción de responsabilidades, identificación do causante dentro ou fóra da organización do Concello de quen o seu comportamento derivou na demanda interposta”.-

Aberto o debate, toma a palabra o sr. Anido, quen explica a razón de ter solicitado que se convocase esta sesión de control, aclara que mediante escrito desta data o seu grupo retirou a proposta referente á reprobação do sr. Alcalde por entender que son outros, os veciños ou os membros do seu partido, os que deben reprobalos, e fai unha ampla exposición sobre a materia obxecto desta convocatoria, motivada na necesidade de buscar a mellor defensa dos intereses dos veciños ante a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por importe de 82.000 euros contra o Concello, sen que o seu grupo teña coñecemento de se se están defendendo os intereses municipais da mellor maneira posible.-

Tras unha longa exposición inicial do sr. Anido, interveñen no debate o sr. Alcalde, o sr. Montouto, a sra. Reimúndez, o sr. Gómez, a sra. Bolaño e o sr. Anido, cuxas intervencións constan na videoacta da sesión.-

Sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)